



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 19 DE FEBREIRO DE 2019

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á modificación da base 33.2 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogado para 2019. Apróbase a modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogado para o ano 2019, relativo á relación de subvencións nominativas, para suprimir a axuda de 180.000 euros á Federación Española de Xadrez para a colaboración na organización do Campionato do Mundo de Xadrez, categorías ata sub-12. Ese crédito será susceptible de ser empregado para atender outros gastos.

3.-Proposta de alcaldía relativa ao proxecto de aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co número 2019-CREXT-02 de importe 929.793,10 euros para habilitar crédito no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para a execución de sentenzas xudiciais. Apróbase a proposta.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á modificación do acordo da sesión do 15-2-2019 de participación no POS+ 2019 da Deputación da Coruña. Apróbase a proposta.